



Código do documento	Código do expediente
UPO17I02JN	UPO/2023/63
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
651J 0V1L 6X6S 175L 0CCP	

Libro de Resolúcións

Número : 2244

Data : 20/11/2023

ARF

## Resolución

**Deixar sen efecto a resolución núm. 2034 do 26.10.2023 da concelleira delegada de Cohesión social, recursos humanos e réxime interior (elear a definitiva a valoración final do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, traballadoras/es sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos e o nomeamento de Ana Pérez Tenreiro) por omisión de fiscalización.**

Por resolución da concelleira delegada de Cohesión social, recursos humanos e réxime interior núm. 2034 do 26 de outubro de 2023 resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Elevar a definitiva a proposta da presidenta do tribunal cualificador sobre a valoración final por orde de puntuación de maior a menor dos/as aspirantes do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, traballadoras/es sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos cando se dea calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público dacordo co seguinte detalle:

(.../...)

Segundo: Nomear a dona Ana Pérez Tenreiro con DNI núm. \*\*\*1685\*\*, como funcionaria interina, traballadora social para o programa servizo social comunitario básico complementario do actual SEDAF a denominar: “SEDAF-infancia” (“Servizo de educación e atención psicosocial a familias de especial consideración con fillas e fillos menores ao seu cargo”).

Detectada a omisión de fiscalización do nomeamento de dona Ana Pérez Tenreiro.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos,

### RESOLVO:

Deixar sen efecto a resolución núm. 2034 do 26 de outubro de 2023, elevando a definitiva a proposta da presidenta do tribunal cualificador sobre a valoración final por orde de puntuación de maior a menor dos/as aspirantes do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, traballadoras/es

Código do documento	Código do expediente
<b>UPO17I02JN</b>	<b>UPO/2023/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
651J 0V1L 6X6S 175L 0CCP	

sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos e o nomeamento dona Ana Pérez Tenreiro como funcionaria interina, traballadora social para o programa servizo social comunitario básico complementario do actual SEDAF a denominar: "SEDAF-infancia" ("Servizo de educación e atención psicosocial a familias de especial consideración con fillas e fillos menores ao seu cargo").

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Cohesión Social,  
Recursos Humanos e Réxime Interior

Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023  
(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

Dou fe,  
O secretario accidental



FIGUEROA  
FUENTES, MARTA  
MARIA  
Concejaleira delegada  
de cohesión social,  
recursos humanos e  
réxime interior PD  
(Resolución 1260 de  
04/07/2023, BOP num.